GUIA DIDÁCTICA

dos ***Recursos EDILIM para 2º E.S.O.***

"O emprego da música clásica nas bandas sonoras dende os inicios do cine sonoro até hoxe"

Autor: EDUARDO SOUTULLO GARCÍA

IES CHAN DO MONTE (MARÍN)

ÍNDICE: Páxina:

OBXECTIVOS EDUCATIVOS PRETENDIDOS 3

ASPECTOS CURRICULARES EN QUE SE INCIDE 4

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS 5

ACTIVIDADES QUE SE PROPOÑEN 10

RECURSOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo. 14

OBXECTIVOS EDUCATIVOS PRETENDIDOS

Os obxectivos educativos pretendidos son os que se detallan de seguido:

- Discriminar os diferentes xéneros da música clásica empregados nas bandas sonoras de cine.

- Saber relacionar a música cos outras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

- Saber analizar a música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

- Coñocer os aspectos básicos da sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais

- Valorar e relacionar o contexto histórico das obras escoitadas cos coñecementos doutras asignaturas (lingua e literatura, ciencias sociais, etc.).

- Entender a función social que tiñan na súa época as obras escoitadas.

- Analizar as obras escoitadas. Ó falarmos de "analizar" referímonos fundamentalmente a unha escoita reflexiva que lle permita ao alumnoa o recoñecemento e discriminación auditiva dos elementos da música.

- Valorar a figura do compositor e o contexto historico.

- Distinguir a través das obras escoitadas os diferentes xéneros ou formas musicais. Coñecer os elementos que conforman os estilos musicais.

- Escoitar unha ampla variedade de pezas de música clásica, de distintos estilos, xéneros, etc, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, de xeito que o alumno se interese por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

- Distinguir nas audicións a existencia de diferentes planos (melodía principal, acompañamentos, monofonía, polifonía...)

- Desenvolver estratexias de atención e memoria comprensiva en todas as actividades propostas

- Recoñecer por medio da audición as diferentes seccións ou partes dunha banda sonora.

ASPECTOS CURRICULARES EN QUE SE INCIDE

Os obxectivos do recurso, estándares de aprendizaxe, competencias clave, metodoloxía de aplicación, estratexias de atención á diversidade e avaliación, son os que se detallan de seguido para o segundo curso da ESO, de acordo ao disposto no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*

Do Bloque 1. Interpretación e creación				
Obxectivos	**Contidos**	**Criterios de avaliación**	**Estándares de aprendizaxe**	**Competencias clave**
g, n, d, ñ, Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	B1.16. **Sonorización** de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de **producións audiovisuais**	B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	CSC (Competencias sociais e cívicas)

Do Bloque 3. Contextos musicais e culturais				
Obxectivos	**Contidos**	**Criterios de avaliación**	**Estándares de aprendizaxe**	**Competencias clave**
m n n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	B3.1. **A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica,** radiofónica ou publicitaria. B3.2. Análise da música empregada en diferentes **tipos de espectáculos e producións audiovisuais.**	B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.	MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	CCEC (Conciencia y expresiones culturales)

Do Bloque 4. Música e tecnoloxías				
Obxectivos	**Contidos**	**Criterios de avaliación**	**Estándares de aprendizaxe**	**Competencias clave**
e n Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	B4.6. **O son e a música nos medios audiovisuais** e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD (Competencia dixital)

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

As actividades a realizar deberán realizarse na orde en que se presentan en cada un dos sete libros Edilim. Tal e como se detallou no apartado "Contidos" do proxecto no que se solicitou a licenza, no **1º Libro EDILIM** se traballan os contidos teóricos. A aplicación práctica deses contidos teóricos explicados no EDILIM 1 se levará a cabo nos seguintes libros EDILIM (do 2º ao 7º). É dicir:

CONTIDOS TEÓRICOS:

1º Libro EDILIM Parámetros e funcións da música para estudar nas bandas sonoras de cine:

1.1. Funcións da música de cine:
1.2. Parámetros a estudar na música de cine: movemento, altura, timbre e grao de sincronía entre a música e as imaxes
1.3. Música diexética e música extradiexética

CONTIDOS PRÁCTICOS: aplicación práctica dos contidos teóricos explicados no EDILIM 1 nos seguintes libros EDILIM:

2º Libro EDILIM A música clásica nos debuxos animados dende os inicios do cine sonoro até hoxe

3º Libro EDILIM A música clásica no cine bélico e de acción

4º Libro EDILIM A música clásica no cine épico e de ciencia-ficción

5º Libro EDILIM A música clásica nas películas dramáticas

6º Libro EDILIM A música clásica nas películas de época

7º Libro EDILIM A música clásica nas comedias

Metodoloxía empregada: tal como se detallou no proyecto de licencia presentado, os recursos metodolóxicos que se empregan son:

- Actividades a modo de pequena INTRODUCCIÓN sobre o tema elaboradas coa plantilla de páxina **"IMAXE E TEXTO"** de EDILIM:



- Actividades para aprender as características e as funcións da música nas películas de cine elaboradas coa plantilla de páxina **"RELACIONAR"** de EDILIM:



- Actividades para ESCOITAR músicas con diferentes funcións na banda sonora dunha película elaboradas coa plantilla de páxina **"GALERÍA DE SONS"** de EDILIM:



- Actividades para RECOÑECER as diferentes funcións da música nas bandas sonoras das películas elaboradas coa plantilla de páxina **"IDENTIFICAR SONS"** de EDILIM:



- Actividades para clasificar os diferentes termos estudados elaboradas coa plantilla de páxina **"CLASIFICAR TEXTOS"** de EDILIM:



- Actividades para clasificar as diferentes características da música da escena dunha película elaboradas coa plantilla de páxina **"ORDENAR"** de EDILIM:



- Actividades para clasificar as diferentes características da música da escena dunha película elaboradas coa plantilla de páxina **ARRASTRAR IMAXES** de EDILIM:



- Actividades para completar texto sobre CONCEPTOS A TRABALLAR no tema elaboradas coa plantilla de páxina **"TEXTO"** de EDILIM:



Actividades para escoitar e recoñecer diferentes carácterísticas da música da escena dunha película elaboradas coa plantilla de páxina **"RESPOSTA MÚLTIPLE" de EDILIM:**



Actividades para recoñecer termos estudados no tema elaboradas coa plantilla de páxina **"PALABRA SECRETA" de EDILIM:**



- Actividades de repaso dos conceptos aprendidos neste libro Edilim: Estas actividades serán elaboradas coa plantilla de páxina **"SOPA DE LETRAS"** de EDILIM:



Actividades para visualizar diferentes exemplos e funcións da música de cine elaboradas coa plantilla de páxina **"ENLACES" de EDILIM**



ACTIVIDADES QUE SE PROPOÑEN.

<u>1º Libro EDILIM: Parámetros e funcións da música para estudar nas bandas sonoras de cine:</u>

- Actividades de lectura e completar textos para a asimilación dos seguintes conceptos:
  - Funcións da música de cine:
    - A función ambiental
    - A función expresiva
    - A funcion de "leitmotiv"
    - A función de contraste
  - Parámetros a estudar na música de cine: movemento, altura, timbre e grao de sincronía entre a música e as imaxes
  - Música diexética e música extradiexética

- Actividades descritas no APARTADO ANTERIOR (METODOLOXÍA) para:
  - Relacionar conceptos dos parámetros e funcións da música das bandas sonoras de cine
  - Clasificar exemplos de audicións
  - Resposta múltiple
  - Galería de sons con exemplos de audicións
  - Arrastrar imaxes
  - Identificas sons con exemplos de audicións
  - Palabra secreta
  - etc

- Visonado de vídeos (enlaces a link externos)
- Actividade de repaso (sopa de letras)

<u>2º Libro EDILIM: A música clásica nos debuxos animados dende os inicios do cine sonoro até hoxe:</u>

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos sobre a música clásica empregada nos debuxos animados
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades e audicións para o recoñecemento das diferentes características da música clásica nos debuxos animados nas seguintes épocas:

  - Nos inicios do cine sonoro (ca. 1930)
  - Na época do cine clásico (1940-1960)
  - Nos debuxos animados do século XXI

- Actividades descritas no APARTADO ANTERIOR (METODOLOXÍA) para:
  - Relacionar conceptos dos parámetros e funcións da música clásica nas bandas sonoras de cine de debuxos animados
  - Clasificar exemplos de audicións
  - Resposta múltiple
  - Galería de sons con exemplos de audicións
  - Arrastrar imaxes
  - Identificas sons exemplos de audicións
  - Palabra secreta
  - etc

- Visonado de vídeos (enlaces a link externos)
- Actividade de repaso (sopa de letras)

3º Libro EDILIM A música clásica no cine bélico e de acción:

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos sobre a música clásica empregada nas películas de cine bélico e de acción
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades e audicións para o recoñecemento das diferentes características da música clásica nestes xéneros cinematográficos, concretamente:

No cine bélico: a música de R. Wagner en *Apocalypse Now* (1979) e de F. Chopin en *O pianista* (2002)
No cine de acción: a música de A. Vivaldi en *Spygame* (2001)

- Actividades descritas no APARTADO ANTERIOR (METODOLOXÍA) para:
  Relacionar conceptos dos parámetros e funcións da música clásica nas bandas sonoras de cine bélico e de acción
  Clasificar exemplos de audicións deses dous films
  Resposta múltiple
  Galería de sons con exemplos de audicións deses dous films
  Arrastrar imaxes
  Identificas sons exemplos de audicións deses dous films
  Palabra secreta
  etc

- Visonado de vídeos (enlaces a link externos)
- Actividade de repaso (sopa de letras)

4º Libro EDILIM: A música clásica no cine épico e de ciencia-ficción:

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos sobre a música clásica empregada nas películas de cine épico e de ciencia-ficción
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades e audicións para o recoñecemento das diferentes características da música clásica nestes xéneros cinematográficos, concretamente:

No cine épico: a música de R. Wagner en *Excalibur* (1981)
No cine de ciencia-ficción: a música de J. Strauss en *2001: unha Odisea no espacio* (1968)

- Actividades descritas no APARTADO ANTERIOR (METODOLOXÍA) para:
  Relacionar conceptos dos parámetros e funcións da música clásica nas bandas sonoras de épico e de ciencia-ficción
  Clasificar exemplos de audicións deses dous films
  Resposta múltiple
  Galería de sons con exemplos de audicións deses dous films
  Arrastrar imaxes
  Identificas sons exemplos de audicións deses dous films
  Palabra secreta
  etc

- Visonado de vídeos (enlaces a link externos)
- Actividade de repaso (sopa de letras)

5º Libro EDILIM A música clásica nas películas dramáticas:

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos sobre a música clásica empregada nas películas dramáticas
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades e audicións para o recoñecemento das diferentes características da música clásica neste xénero cinematográfico, concretamente:

A música de L. van Beethoven en *O discurso do Rei* (2010)
A música de W. A. Mozart en *Cadena perpétua* (1994)

- Actividades descritas no APARTADO ANTERIOR (METODOLOXÍA) para:
  - Relacionar conceptos dos parámetros e funcións da música clásica nas bandas sonoras nas películas dramáticas
  - Clasificar exemplos de audicións deses dous films
  - Resposta múltiple
  - Galería de sons con exemplos de audicións deses dous films
  - Arrastrar imaxes
  - Identificas sons exemplos de audicións deses dous films
  - Palabra secreta
  - etc

- Visonado de vídeos (enlaces a link externos)
- Actividade de repaso (sopa de letras)

6º Libro EDILIM: A música clásica nas películas de época:

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos sobre a música clásica empregada nas películas de época
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades e audicións para o recoñecemento das diferentes características da música clásica neste xénero cinematográfico, concretamente:

A música de L. van Beethoven en *O discurso do Rei* (2010)
A música de W. A. Mozart en *Cadena perpétua* (1994)

- Actividades descritas no APARTADO ANTERIOR (METODOLOXÍA) para:
  - Relacionar conceptos dos parámetros e funcións da música clásica nas bandas sonoras nas películas de época
  - Clasificar exemplos de audicións deses dous films
  - Resposta múltiple
  - Galería de sons con exemplos de audicións deses dous films
  - Arrastrar imaxes
  - Identificas sons exemplos de audicións deses dous films
  - Palabra secreta
  - etc

- Visonado de vídeos (enlaces a link externos)
- Actividade de repaso (sopa de letras)

7º Libro EDILIM: A música clásica nas comedias

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos sobre a música clásica empregada nas comedias
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades e audicións para o recoñecemento das diferentes características da música clásica neste xénero cinematográfico, concretamente:

A música de W. A. Mozart en *Atrapado no tempo* (1993)
A música de W. A. Mozart en *Ace Ventura* (1994)

- Actividades descritas no APARTADO ANTERIOR (METODOLOXÍA) para:
  - Relacionar conceptos dos parámetros e funcións da música clásica nas bandas sonoras nas comedias
  - Clasificar exemplos de audicións deses dous films
  - Resposta múltiple
  - Galería de sons con exemplos de audicións deses dous films
  - Arrastrar imaxes
  - Identificas sons exemplos de audicións deses dous films
  - Palabra secreta
  - etc

- Visonado de vídeos (enlaces a link externos)
- Actividade de repaso (sopa de letras)

RECURSOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO, CON MENCIÓN DOS MEDIOS PARA ACHEGAR RETROALIMENTACIÓN ÁS APRENDIZAXES NO PROCESO AVALIATIVO.

O programa EDILIM co que se elaborou este traballo incorpora unha utilidade de avaliación. As actividades creadas neste traballo son avaliables por medio desta utilidade. O propio alumno pode realizar a devandita auto-avaliación despois de rematar cada unha das actividades. Así mesmo, ao finalizar o libro EDLIM con todas as actividades, o alumno tamén pode utilizar esta utilidade para acceder a un informe que indica o número de intentos que realizou de cada unha das actividades, o número de acertos, etc.

O profesor que empregue cos seus alumnos este traballo EDILIM tamén pode consultar o devandito informe onde se mostra o número de intentos que realizou o alumno para resolver cada actividade e se o resultado foi correcto ou non. O devandito informe pódese consultar en calquera momento mentres que o libro permaneza aberto:



Os recursos EDILIM deste traballo teñen como referencia os seguintes criterios de avaliación dos dispostos no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. (Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais)

- Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas (A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

- Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical (O son e a música nos medios audiovisuais).

.